



Asociación Veciñal do Saviñao . R/ Pardo Bazán nº 1 baixo . 27540 Escairón . O Saviñao . Lugo  
[asociacionvecinaldosaviniao@gmail.com](mailto:asociacionvecinaldosaviniao@gmail.com) web : [aavvdosavinhao.org/nova](http://aavvdosavinhao.org/nova)

A Asociación Veciñal do Saviñao, inscrita co nº 13651 no rexistro provincial de asociacións, e co nº 14 no rexistro municipal, a través da súa Presidenta Celia Ferreiro Riazor con DNI 33.812.714 T, diríxese á Alcaldía do Saviñao para propoñer unha serie de medidas a tomar para evitar o colapso circulatorio da área da praia da Cova.

#### EXPONSE :

A Ribeira Sacra está tendo un recoñecemento case que internacional e prevese que elo atraiga un gran número de visitantes, e a área da praia fluvial da Cova é un dos puntos de máxima concorrencia e cabe esperar que esta demanda vaia en progresivo incremento nos próximos anos. Pero esta xoia natural pode verse ameazada por un desproporcionado fluxo de xente que a propia natureza e xeografía do lugar é incapaz de asumir. Temos que facer que o turismo non sexa unha ameaza senón que sexa sostible e proporcionado ó territorio.

De feito xa nestes dous últimos anos poidemos observar un colapso circulatorio e de aparcamento que orixinou conflitos e reclamou a presenza das autoridades de tráfico para o seu ordenamento. Dunha parte o aparcamento na área non ten ordenamento e apárcase nas dúas beiras, quedando un so carril para o transito de dous vehículos á par.

Ademais o acceso dende O Priorato da Cova ata a área é perigoso por canto a anchura da estrada fai moi axustada a circulación de dous coches á par, bloqueándose a circulación cando baixa un autobus. O propio recoñecemento patrimonial desaconsella unha modificación de ancheamento da estrada, por canto provocaría uns cortes nos balados que dañaría severamente o conxunto da zona e a paisaxe.

É por elo que hai que tomar unha serie de medidas ordenativas a adoptar de inmediato para evitar o colapso total da área e que todo o encanto e oportunidade desa zona de ribeira acabe denostado ou derramado.

#### SOLICÍTASE

Ter en conta unha serie de medidas e propostas da asociación, a adoptar e dunha maneira inminente, previo debate e entendemento entre todos os axentes políticos , asociativos e económicos.

As propostas de mellora que plantexamos son :

- 1- Prohibición de acceso a vehículos maiores de 6 metros (microbuses) dende Belesar e a igrexa da Cova pola imposibilidade de baixar ata a praia e dende o corredor, dado que ocuparía todo o ancho da estrada. Debería estar perfectamente sinalizado neses dous puntos.
- 2- Na área da praia prohibir aparcarse nun dos lados, pois tal e como está acontecendo, ó aparcarse nos dous lados só pode transitar un coche, co conseguinte colapso.
- 3- Dende baixo do churrasco establecer circulación nun único sentido: baixar ata O Priorato e a praia pola estrada principal e subir da praia por Soutomango e Arxuá. Habería que permitir aos usuarios e veciños o tránsito nos dous sentidos. Ten a pega de que onde se xuntan as dúas estradas, uns 400 metros antes da praia, repetiríase o embudo.
- 4- Ubicar indicadores dixitais en Belesar e na zona da igrexa da Cova que avisen cando o aparcamento esté cheo, para disuadir aos visitantes de facer parada na área da praia.
- 5- Que o tramo entre a igrexa da Cova e a praia só se poida facer con un servizo de microbuses que suban e baixen cada hora, excluindo desta norma aos usuarios e veciños.

Esto propónse na procura de facilitar o acceso e estacionamento a quen visitan a área, así como conseguir un turismo de certa calidade e sostible coa natureza e a paisaxe e coa intención de evitar accidentes ou situacións de emerxencia que poidan darse coas condicións actuais.

En Escairón, a 15 de xullo do 2019.

A/A do Sr, Alcalde-Presidente do Concello do Saviñao.